



CONFERENCIA

SAÜL GÓMEZ

DIRECTOR E COMPOSITOR

2 MARZO DO 2023 ÁS 18:00

“O PROCESO CREATIVO”

Saül Gómez Soler é Profesor Superior de Música Licenciado en Percusión e Composición polo Conservatorio Superior de Música Joaquín Rodrigo de Valencia. O é tamén en Dirección de Orquestra polo Conservatorio Superior de Música do Liceo de Barcelona.

Estudou dirección de banda na ISEB en Trento (Italia).

Dirección

Dirixiu varias formacións tanto en España como en diferentes partes de Europa, (Salzburgo, Innsbruck, Praga, Berlín, Múnic...). Actualmente é director do CIM A Harmónica de Buñol e da Orquestra Sinfónica Caixa Ontinyent.

Tivo a oportunidade de dirixir a prestixiosos solistas internacionais como Vasko Vasilev, Pacho Flores, José Franch, Luís González, Roberto Turlo, Juan Lago ou Pablo Zinger, estreando obras dos máis prestixiosos compositores españois.

Composición

No campo da composición, podemos atopar as súas obras editada en Molenaar e Miota & Molière.

Recibiu diferentes encargos de entidades como a Orquestra Sinfónica de RTVE, Certame Internacional de Valencia, Certame Internacional de Altea, Concello de Altea, Concello de Pamplona, así como encargos para solistas internacionais como Jose Franch Ballester, José Cháfer, Javier Llopis ou M^a José Montiel.

Audiovisual

Actualmente, centra a súa carreira na composición de música sinfónica e música para o sector audiovisual. Neste ámbito, recibiu tres nomeamentos aos Hollywood Music in Media Awards de Los Ángeles e dúas para os premios Jerry Goldsmith.

Traballa en proxectos propios, así como en orquestracións para outros compositores.

Recentemente estreou obras en Vancouver e Texas e as súas composicións foron interpretadas en países como Bélxica, EEUU, Holanda, Portugal, Italia, Xapón, Canadá, Alemaña, Suíza, Taiwan e Colombia.